


Museo etnográfico de Rozadas (Bual)

Memoria viva

↓ Félix González Sampedro

El Museo Etnográfico de Grandas de Salime é ben conocido en toda Asturias pero el que nun sabe muita xente é que tamén nun llugar de Bual, en Rozadas, hai un rapaz que lleva anos lluitando porque se faga realidá, tamén allí, a idea d'un Museo.



Vasadoiro

Alló pol ano 1989 ocurríusenos a idea d'amañar un Museo Etnográfico en Rozadas. Dende entoncias existe un llabor continuado pra recuperar y restaurar elementos y ferramentas da nosa cultura y del xeito de vida tradicional. Hoi xa dispuemos de máis de 2.500 pezas.

El futuro Museo ha tar nas escolas de Rozadas, feitas na Villa de Riba pollos americanos de Cuba nel ano 1912.

Primeiro tíase pensado fello nos baxos dos apartamentos del núcleo de turismo rural de Rozadas pero despós pensóuse qu'as escolas brindaban un miyor sito.

Nun precisamos dicir qu'as pezas nun chegaron solas senón que se foron consiguiendo pollos llugares da parroquia da Veigadouria y del conceyo de Bual y tamén pollos conceyos das veiras, como os de Castripol, El Franco, Eilao y Cuaña. Úas compradas, outras regaladas, hai pezas abondas como pr'amañar úa casa de llabranza con todo: cocía, sala, cuartos de dormir, arabías prá llabranza, forno, matanza, molín, maquinaria y ferramenta miuda.

Neste llabor de recoyida nunca hai parada. As últimas cousas que recoyemos foron un tambor y un bombo d'Octavio, un artesano bualés. Pertencían al grupo de gaitas *Os Penácaros* de Bual y namáis nos resta fernos con tres gaitas, úa flauta, úas castañolas y un corno, pero tamos nello. Tamén temos os traxes del

grupo, que son de terciopelo y pana.

Son muitos os trámites que temos en marcha porque as cousas nun se llogran d'un día pra outro. Por puer un caso, tamos en negociacióis pra conseguir un telar y dalgúas pezas del palacio dos

Miranda de Prelo (Bual). Einda hai pouco féxose un curso subvencionado polla Conseyería de Cultura que valú pra restaurar dalgúas das pezas de madera del Museo pero, como xa supuíamos, quedóusenos corto y este ano fai falta pidir outro. Dentro del llabor de recuperación del Museo tamén restauramos úa capiya, a da *Portalea*, y tamos a pique de restaurar un molín, úa cabana y un forno.

Nas últimas *Ferías del Mel* de Bual xa espuxemos un avance del que vei ser el Museo y, máis de pouco, neste mes d'abril que salú, presentóuse con muito ésito na *Semana de Bual*, nel Centro Asturiano d'Uviedo.

Queremos qu'el Museo sía algo vivo, unde as pezas han a mudar de sito cada poucò y han a renovarse.

Por eso, esperamos qu'a xente s'anime a darnos ou cedernos esas ferramentas que xa nun yes mandan nada y que muitas veces tán desféndose esquecidas en dalgún cabanón. Nun podó deixar d'estimar todas as axudas que vou recibindo nestos anos y, en especial, quérome acordar del asociación cultural bualesa *El Penedo Aballon*, na qu'eu tamén tou metido y cua que comparto ilusióis y trabayo.



Mayo prá mayar y detalle del capello